

TELEFORMACIÓN COVID-19

INTRODUCCIÓN

Debido ás instrucións ditadas pola Consellaría de Educación, e a posterior declaración do estado de alarma pola pandemia do COVID-19, as clases están suspendidas dende o luns, 16 de marzo, apostándose pola teleformación e o teletraballo para controlar a expansión do virus.

As ferramentas que empregará o IES Pedregal de Irimia para que o alumnado non perda o ritmo de traballo (xa que as actividades propostas non son avaliadas) son as seguintes:

- **E-Dixgal** (será a referencia para o alumnado de 1º e 2º da ESO).
- **Aula virtual** (é a principal ferramenta para os cursos dende 3º da ESO ata 2º de BAC, pero tamén será utilizada nas materias de 1º e 2º da ESO que non pertencen a E-Dixgal).
- **Drive/Gmail** (será a ferramenta de referencia nalgúns departamentos como o de Xeografía e Historia).

Como a ferramenta máis empregada (e a descoñecida para unha porcentaxe minoritaria do alumnado) é a aula virtual, pasaremos a explicala a continuación.

INSTRUCCIÓNS PARA ENTRAR NA AULA VIRTUAL

1. Para acceder á aula virtual do IES Pedregal de Irimia, entra na web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespedregalirimia/>) e preme en “Aula virtual”:




The screenshot shows the website interface for IES Pedregal de Irimia. At the top, there is a header with the school logo, the Xunta de Galicia logo, and the European Union logo. Below the header is a navigation menu with the following items: **Aula virtual** (circled in red), **Galerías**, **Portal educativo**, and **espazoAbalar (abalarMóbil)**. The main content area is titled "Benvidos á web do IES Pedregal de Irimia." and features a grid of six images with labels: **E-twinning**, **Formación permanente**, **Saídas**, **Actividades extraescolares**, **Olimpiada de tecnoloxía**, and **Colaboracións con outras entidades**. On the left side, there is a sidebar menu with sections: **O centro** (containing links like Benvida, Contactar, Documentación, etc.), **Xefatura** (containing links like Avaliacións, Calendario, etc.), and **Secretaría** (containing links like Administración e matrícula, CELGA, etc.). On the right side, there is a **Calendario** section showing a calendar for March 2020, an **Orientación** section with links to Orientation, ABAU, and Blog, a **Proxecto E-DIXGAL** section with links to E-DIXGAL information and the Eva Edixgal platform, a **Biblioteca** section with links to Animation to reading, Bibliomeira, and Horario, and a **Revista Escolar Latexos** section. At the bottom of the main content area, there is a section titled **Medidas a adoptar nos centros de ensino en relación co covid-19**.

2. Despois preme en “Acceso”:



3. E introduce o teu usuario e o contrasinal:

- **Usuario:** nomeapelido1, por exemplo: marcoslopez, manuelmariaquiroya, mariacarmeperez (nome –ou nomes- e primeiro apelido sen espazos, nin maiúsculas, nin tildes, nin ñ –empregarase nh-).
- **Contrasinal:** dni ou tarxeta de residencia coa letra (ou letras) en minúsculas, por exemplo: 12345678c (dni) ou x1234567p (tarxeta de residencia). Se ao meter o teu dni non che deixa entrar, proba a introducilo sen a letra.



4. Unha vez que entres aparecerán as materias nas que estás matriculado. Preme nelas e sigue as instrucións que che marque o/a profesor/a correspondente:

Aula virtual

The screenshot shows the 'Os meus cursos' (My courses) section of a virtual classroom. A red circle highlights the course 'Tecnoloxía 3º ESO'. Below it are other courses: 'TIC 4º ESO' and 'TIC 1º BAC'. The interface includes a navigation menu on the left, a calendar on the right, and a header with the user's name and profile picture.

The screenshot shows the 'Física 2º BAC' course page. A red arrow points to the 'TELEFORMACIÓN COVID-19' section, which includes a 'Traballo' (Work) button. The page also features a search bar, a list of recent notices, and a list of recent events. The navigation menu on the left shows the course structure, including 'FÍSICA E QUÍMICA' and 'FÍSICA'.

SE TES CALQUERA PROBLEMA NON DUBIDES EN POÑERTE EN CONTACTO CO INSTITUTO A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO:

ies.pedregal.irimia@edu.xunta.gal

POR OUTRA BANDA OS MEMBROS DO CLUB DE LECTURA APROVEITARÁN PARA LER O LIBRO “NEW EARTH PROJECT” AO COMPLETO CO FIN DE COMENTALO NA BIBLIOTECA UNHA VEZ REMATE O CONFINAMENTO DEBIDO AO COVID-19.